

MUNDO LABORAL

1. Poboación de 16 e máis anos segundo a súa relación coa actividade económica (medias anuais). Ano 2009
2. Taxas de actividade, paro e ocupación por sexo. Ano 2009
3. Taxas de actividade por grupos de idade e sexo
4. Taxas de paro por grupos de idade e sexo
5. Poboación ocupada por sectores económicos e sexo (medias anuais)
6. Poboación ocupada por sectores económicos (medias anuais). Ano 2009
7. Poboación ocupada por situación profesional e sexo (medias anuais)
8. Poboación inactiva por situación de inactividade (medias anuais). Ano 2009
9. Número medio de activos, ocupados e inactivos por vivenda. Ano 2009
10. Características do paro rexistrado. Xestión SISPE (medias anuais). Ano 2009
11. Demandas e ofertas de emprego activas, e colocacións rexistradas. Ano 2009
12. Contratos de traballo iniciais, segundo o tipo de contrato, e contratos convertidos en indefinidos. Ano 2009
13. Regulación de emprego. Traballadores afectados por expedientes autorizados segundo efecto do expediente. Ano 2009
14. Conciliacións individuais e colectivas terminadas. Ano 2009
15. Convenios: empresas, traballadores afectados e aumento salarial pactado. Ano 2009
16. Folgas desenvolvidas segundo as principais características. Ano 2009
17. Accidentes de traballo con baixa segundo a gravidade e o sector económico. Ano 2009
18. Enfermidades profesionais con baixa segundo sector económico. Ano 2009
19. Índices de incidencia de accidentes laborais
20. Traballadores afiliados á Seguridade Social. Ano 2009
21. Emprego, desemprego e pensións nas fontes tributarias. Ano 2008
22. Custo laboral medio por traballador segundo o sector de actividade e as compoñentes do custo. Ano 2009

Poboación en relación coa actividade

Activos

Son as persoas que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á dita produción. Comprende todas as persoas de 16 anos ou máis que cumpren as condicións necesarias para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou paradas.

Ocupados

Persoas de 16 anos ou máis que, durante a semana de referencia, tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, nalgunha das seguintes situacións:

- a) Traballando, polo menos, unha hora por un soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar en metálico ou en especie.
- b) Con emprego pero sen traballar por razóns de enfermidade, accidente, vacacións, festas, mal tempo ou razóns análogas.

Parados

Considéranse paradas todas as persoas de 16 anos ou máis que, durante a semana de referencia, estivesen sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego. Son parados tamén aqueles que xa encontraron emprego e están á espera de incorporarse a el, sempre que se verifiquen as dúas primeiras condicións.


Segundo o Regulamento (CE) 1897/2000, os únicos métodos de busca de emprego considerados activos son:

- Estar en contacto cunha oficina pública de emprego co fin de encontrar traballo, calquera que sexa a parte que tomase a iniciativa (a renovación da inscrición por razóns puramente administrativas non constitúe unha postura activa).
- Estar en contacto cunha oficina privada (oficina de emprego temporal, empresa especializada en contratación etc.) co fin de encontrar traballo.
- Enviarlles unha candidatura directamente aos empregadores.
- Indagar a través de relacións persoais, por mediación de sindicatos etc.
- Anunciarse ou responder a anuncios de periódicos.
- Estudar as ofertas de emprego.
- Participar nunha proba, concurso ou entrevista, no marco dun procedemento de contratación.
- Buscar terreos, locais ou material.
- Realizar xestións para obter permisos, licenzas ou recursos financeiros.

Inactivos

A poboación inactiva abarca todas as persoas de 16 ou máis anos non clasificadas como ocupadas nin paradas. Comprende as seguintes categorías funcionais:

- Persoas que se ocupan do seu fogar.
- Estudantes.
- Xubilados ou prexubilados.
- Persoas que perciben unha pensión distinta á de xubilación e prexubilación.
- Persoas que realizan sen remuneración traballos sociais, actividades de tipo benéfico etc.
- Incapacitados para traballar.
- Outra situación. Persoas que, sen exercer ningunha actividade económica, reciben axuda pública ou privada e todas aquelas que non están incluídas en ningunha das categorías anteriores.



Taxa de actividade

Porcentaxe do número total de activos sobre a poboación total (poboación de 16 ou máis anos).

Taxa de ocupación

Porcentaxe de ocupados sobre a poboación de 16 ou máis anos.

Taxa de paro

Porcentaxe de parados sobre o total de activos.

Movemento laboral rexistrado

Demandas de emprego rexistradas

Son as solicitudes de postos de traballo rexistradas nas oficinas públicas de emprego realizadas polos traballadores en idade laboral que desexan traballar por conta allea. Inclúen as de traballadores que non teñen emprego, tanto daqueles que non traballaron anteriormente e buscan emprego por primeira vez como as dos que tiveron un emprego anterior, e as de traballadores ocupados que buscan emprego para substituír ou complementar o que teñen.

Demandas pendentes a final de mes

Esta variable recolle as demandas que se manteñen rexistradas o día de peche da estatística (último día de cada mes). Inclúe as demandas correspondentes aos colectivos considerados como non parados e aos parados rexistra-

dos. Contablemente obtéñense sumándolles ás demandas pendentes do mes anterior as rexistradas durante o mes e restándolles as baixas de demandas efectuadas no mes de referencia.

Paro rexistrado

Este concepto, establecido na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985. Según os criterios contidos en dita disposición, o paro rexistrado correspóndese coas demandas de emprego pendente de satisfacer o último día do mes nas oficinas públicas de emprego, excluindo as correspondentes aos seguintes colectivos:

- Traballadores ocupados: os que solicitan un emprego para compatilzalo co actual ou cambialo polo que teñen, os que están en suspensión ou redución de xornada por un expediente de regulación de emprego, os que están ocupados en traballos de colaboración social e os que compatilizan un traballo a tempo parcial e a prestación por desemprego.
- Traballadores sen dispoñibilidade inmediata para o traballo ou en situación incompatible co mesmo: xubilados, pensionistas de invalidez absoluta ou gran invalidez, persoas maiores de 65 anos, traballadores en situación de incapacidade temporal (IT), maternidade ou baixa médica, estudantes de ensinanza oficial regrada, sempre que sexan menores de 25 anos ou demandantes de primeiro emprego, e alumnos de formación profesional ocupacional, cando as súas horas lectivas superen as 20 semanais, teñan unha bolsa de manutención e sexan demandantes de primeiro emprego.
- Traballadores que demandan exclusivamente un emprego de características específicas tales como as seguintes: emprego a domicilio, por período inferior a 3 meses, de xornada semanal inferior a 20 horas, para traballar no estranxeiro e os traballadores que se inscriben nas oficinas públicas de emprego como requisito previo para participar nun proceso de selección para un posto de traballo determinado.
- Traballadores eventuais agrarios beneficiarios del subsidio especial por desemprego que están percibindo ou que, tendo agotado, non transcurrida un período superior a un ano desde o día do nacemento do dereito.
- Demandantes que rexeitan accións de inserción laboral axeitadas ás súas características e os que teñen suspendida a demanda, en tanto permanezan nesa situación.

A posta en marcha do novo Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego (SISPE) en maio de 2005 produce unha ruptura da serie de paro rexistrado que se viña publicando ata o momento. A implantación deste novo sistema afecta á estimación do paro rexistrado, non porque cambie a definición, senón pola actualización e xestión automatizada da información e porque se corruxiron os erros que se viñan cometendo con certos colectivos.

Ofertas de emprego rexistradas

É unha variable fluxo que indica os postos de traballo ofrecidos por empresas e organismos, rexistrados e formalizados nas oficinas de emprego no mes de referencia, co obxecto de que a oficina xestione a súa cobertura cos demandantes idóneos.

Colocacións

Son os postos de traballo cubertos por traballadores durante o período de referencia. Poden ser :

- Colocacións xestionadas: son as realizadas durante o período de referencia mediante xestión da oficina de emprego, tanto no proceso de colocación coma nos procesos previos de preparación do traballador para a súa inserción laboral.
- Colocacións comunicadas: son as realizadas durante o período de referencia sen xestión da oficina de emprego. Coñécense a través das comunicacións de contratación realizadas polos empregadores e por presentación dos contratos a rexistro se estes contratos non son consecuencia dunha colocación xestionada pola oficina de emprego.

Contratos de traballo

Comprenden os contratos introducidos na base de datos durante o período de tempo en cuestión. Inclúen, ademais daqueles contratos que son rexistrados nas oficinas públicas de emprego, as comunicacións de contratacións efectuadas ás ditas oficinas polos empresarios. As distintas modalidades de contratación agrúpanse en contratos iniciais, que é cando se inicia a relación laboral; conversións a indefinidos, que son as transformacións doutros contratos xa existentes de duración temporal, e prórrogas de contratos, que son os que finalizan a súa duración inicial.

Contratos iniciais

- Indefinido ordinario (Bonif/nonBonif): é o concertado sen establecer límites de tempo para a prestación de servizos, con xornada a tempo completo, parcial ou fixo descontinuo (Real decreto legislativo 1/95, Lei 12/2001, Lei 43/2006 e Real Decreto-Lei 10/2010).
- Indefinido de fomento do emprego: contrato de duración indefinida e xornada completa, parcial ou fixo descontinuo, orientado a incentivar a contratación de traballadores desempregados (Lei 12/2001, Lei 43/2006 e Real Decreto-Lei 10/2010).
- Indefinido diminuídos: contrato de duración indefinida dirixido á integración laboral de traballadores diminuídos e que pode ser de xornada completa ou a tempo parcial (Real decreto 1451/83, modificado polo Real decreto 4/99 e a Lei 12/2001).
- Obra ou servizo: son os concertados para a realización de obras ou servizos determinados, en xornada completa ou parcial, na actividade da empresa e de duración temporal (art. 15 do Estatuto dos traballadores, Real decreto 2720/98 e Lei 12/2001).
- Eventual por circunstancias da produción: contrato de duración temporal, en xornada completa ou parcial, para atender as esixencias circunstanciais do mercado (art. 15 do Estatuto dos traballadores, Real decreto 2720/98 e Lei 12/2001).
- Interinidade: contrato de duración temporal para substituír a un traballador con reserva de posto, en xornada completa ou parcial (art. 15 do Estatuto dos traballadores, Real decreto 2720/98 e Lei 12/2001).
- Temporal para diminuídos: contrato temporal de doce meses a tres anos, con xornada completa ou parcial, para traballadores diminuídos (Lei 42/1994, Real decreto lei 13/96, disposición adicional sexta e Lei 12/2001).
- Revezamento: contrato de duración indefinida ou ata o momento da xubilación do traballador ao que substitúe por xubilación parcial, con xornada parcial ou completa (Lei 14/2000 e Lei 12/2001).
- Xubilación parcial: contrato de duración determinada e xornada parcial, complementario ao de revezamento, que se asina co traballador que se xubila parcialmente (Lei 12/2001).
- Contrato de substitución por xubilación aos 64 anos: para traballadores desempregados que substitúan outros traballadores que anticipan a idade de xubilación nun ano (Real decreto 1194/85, Lei 14/2000 e Lei 12/2001).
- Contrato en prácticas: destinados a completar a formación de traballadores con títulos universitarios ou de formación profesional. Son contratos de duración temporal, con xornada a tempo parcial ou completa, indistintamente (art. 11 do Estatuto dos traballadores, Real decreto 488/98).
- Contrato para a formación: destinado aos mozos de 16 a 21 anos, ou maiores incluídos nalgún dos colectivos detallados no artigo primeiro da Lei 12/2001, para a adquisición por parte do traballador da cualificación necesaria para o desemprego dun oficio ou posto de traballo concreto (art. 11 do Estatuto dos traballadores, Real decreto 488/98 e Lei 12/2001).
- Outros contratos: son os rexistrados pertencentes a modalidades non especificadas anteriormente e/ou pertencentes a réximes especiais de contratación, tales como os de artistas, servizo doméstico, mercantís, etc. Inclúense tamén os contratos que, pertencendo ou presentándose segundo as modalidades existentes, padecen algún defecto formal ou incumpren algún requisito básico no momento da súa introdución na base de datos, e permanecen neste punto estatisticamente, aínda que, con posterioridade, fosen corrixidos os seus defectos de forma.

Contratos convertidos a indefinidos

Baixo este concepto indícanse os contratos por tempo determinado que, ao abeiro da normativa en vigor, son transformados en indefinidos.

Expedientes de regulación de emprego

Son as fichas estatísticas que se cubren a partir dos expedientes administrativos presentados polas empresas ou polos representantes legais dos traballadores para solicitar a suspensión ou extinción das relacións do traballo ou a redución da xornada por causas económicas, técnicas, organizativas, de produción ou de forza maior, ou por extinción da personalidade xurídica do contratante e resolto pola autoridade laboral competente.

Conciliación

É o intento obrigatorio de acordo entre os intereses en conflito dos traballadores e empresas, con participación da Administración e como procedemento previo á vía xudicial. Poden ser individuais ou colectivas. En ambos os casos as conciliacións resólvense:

- Con avinza: cando se chega a acordo entre as partes.
- Sen avinza: cando non se acada acordo entre as partes.
- Intentadas sen efecto: cando non compareza a parte ou as partes demandadas.
- Tidas por non presentadas: cando, debidamente citadas as partes, a promotora non comparece no acto.
- Desistidas: cando compareza a parte promotora para o único efecto de desistir do conflito producido.
- Outros tipos: reclamación improcedente recibida por correo e debidamente rexistrada, etc.

Convenios colectivos

É o acordo asinado polas comisións negociadoras e inscrito no rexistro de convenios colectivos da autoridade laboral competente. Para efectos estatísticos, recóllense tanto os convenios asinados como as revisións de carácter anual que se realizan para aqueles convenios de vixencia de dous ou máis anos. Tamén se inclúen as adhesións, arbitrxes voluntarias, extensións de convenios e outros acordos rexistrados con eficacia xeral de convenio, así como os pactos de eficacia limitada ou convenios extraestatutarios na medida na que se ten coñecemento dos seus datos, posto que, aínda que formalmente non teñen recoñecida eficacia de convenio, a entidade económica que teñen algúns destes pactos así o aconsella. Segundo o ámbito do convenio pode ser:

- Convenios de empresa: engloban tanto os convenios que afectan a todo o cadro de persoal dunha empresa como a parte dela. Identifícase cada convenio cunha empresa, non obstante, algunhas empresas teñen máis dun convenio, polo que o número destas pode estar sobrevalorado.
- Convenios doutro ámbito: refírense aos convenios de ámbito superior á empresa.

Os convenios, tanto de empresa como doutro ámbito, poden ser provinciais, cando lle afectan a unha soa provincia; autonómicos, cando lle afectan a máis dunha provincia dunha mesma comunidade autónoma; ou interautonómicos, cando afectan a máis dunha provincia pertencente a máis dunha comunidade autónoma.

Folgas e peches patronais

Comprenden as folgas e peches patronais convocados, agás as seguintes:

- As que non implican xornadas non traballadas, como as chamadas folgas de celo.
- As que non supoñen unha redución definitiva da xornada e, en concreto, as de duración inferior a unha hora.
- As que se refiren a actividades convencionalmente 'non produtivas', como as folgas de estudantes, consumidores etc.
- As que afectan a colectividades sen dereito a folga, como é o caso dos funcionarios militares e das forzas de seguridade do Estado.

Traballadores participantes en folgas

Son aqueles traballadores dos centros implicados na folga que participaron suspendendo voluntariamente o seu traballo, xa sexa durante o tempo total ou parcial da duración da folga.

Xornadas non traballadas por folgas

Nos conflitos de días completos e con participación constante, obtense multiplicando o número de traballadores participantes polo número de días laborais de duración do conflito. Noutros casos, nos que a participación non é constante e/ou a interrupción do traballo non afecta a xornada completa, entendendo por xornada completa a xornada laboral normal que realiza un traballador sen ter en conta as horas extraordinarias, o cálculo das xornadas non traballadas en cada folga obtense multiplicando o número efectivo de participantes en cada un dos días pola parte da xornada non traballada de cada día e sumando este resultado para todos os días de duración.

Accidentes de traballo

Considéranse os accidentes de traballo con baixa na xornada de traballo, incluídos os accidentes de tráfico e os orixinados por causas naturais, sempre que se produzan durante a xornada de traballo.

Accidentes de traballo in itinere

Son aqueles accidentes de traballo que se producen ao ir ou volver ao lugar de traballo.

Índice de incidencia

Calcúlase como o cociente entre os accidentes en xornada de traballo con baixa e a media anual dos traballadores afiliados en situación de alta laboral nos réximes que teñen cuberta a continxencia de accidente de traballo. Nos accidentes totais e nos leves, o índice calcúlase por 1.000 traballadores, nos accidentes mortais, o índice calcúlase por 100.000 traballadores

Traballo e pensións nas fontes tributarias**Asalariados**

É o número de persoas que reciben unha contraprestación pecuniaria en concepto de rendemento do traballo, contadas de forma única independentemente de que traballasen para unha ou varias empresas ou entidades. Este colectivo está formado polas persoas que reciben percepcións declaradas na clave A do Modelo 190 da “Declaración anual de retencións sobre as rendas de traballo” (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, pecuniarias ou en especie, que fosen satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendementos do traballo. Un asalariado pode percibir ao longo dun ano percepcións salariais de dúas ou máis empresas ou entidades. Os asalariados con percepcións de varias entidades contabilízanse como asalariados de cada entidade na proporción do salario satisfeito por esta entidade con respecto ao total percibido polo asalariado.

Desempregados

É o número de persoas que, ao longo dun exercicio, recibiron algunha prestación por desemprego. É o colectivo formado pola totalidade de persoas receptoras de prestacións ou subsidios por desemprego, independentemente de cal sexa a súa forma de pago, incluíndo as percepcións declaradas na clave C do Modelo 190 da “Declaración anual de retencións sobre as rendas de traballo” (prestacións ou subsidios por desemprego) e na clave D (prestacións de desemprego aboadas na modalidade de pago único). Neste colectivo non se produce o fenómeno de pluralidade, ao seren únicas as prestacións por desemprego e pagadas sempre polo mesmo retedor.

Prestación media anual

A prestación media anual que reciben os desempregados calcúlase como o cociente entre o total das prestacións anuais e o número de desempregados.



Pensións

Inclúe as persoas que recibiron ao longo do ano retribucións declaradas na clave B do Modelo 190 da “Declaración anual de retencións sobre as rendas do traballo” (pensionistas e perceptores de haberes pasivos), é dicir, as percepcións non exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas e correspondentes ás pensións e haberes pasivos dos réximes públicos da Seguridade Social e as clases pasivas, así como as clasificadas coas subclaves 6 e 7 da clave L do Modelo 190 que son as prestacións por incapacidade permanente ou grande invalidez que estean exentas e as pensións por inutilidade ou incapacidade permanente de clases pasivas. Dentro da clave B, están as pensións de orfandade e viuvez. No colectivo de pensionistas prodúcese o fenómeno de pluralidade de percepcións, é dicir, un pensionista pode percibir unha ou máis pensións de distintos tipos.

Pensión media anual

Calcúlase como o cociente entre o total de pensións pagadas e o número de pensionistas.

Custos laborais

Custo laboral

É o custo no que incorre o empregador pola utilización do factor traballo. O custo laboral bruto é a suma de todos os compoñentes do custo laboral. Se ao custo bruto se lle deducen as subvencións, obtense o custo laboral neto.

Custo salarial

Comprende todas as contribucións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, retribuindo tanto o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, como os períodos de descanso computables como de traballo.

Custo por cotizacións obrigatorias

Son as contribucións legalmente establecidas que o empregador lle fai ao sistema da Seguridade Social en favor dos seus empregados.

Cotizacións voluntarias

Recollen as contribucións do empregador a circuitos privados de seguridade social ou outras entidades de seguros co obxecto de cubrir, mellorar ou complementar as prestacións establecidas polo sistema de Seguridade Social.

Prestacións sociais directas

Son os pagos que a empresa lle fai directamente ao traballador ou á súa familia, ou tamén ao antigo traballador para asistilo en determinadas circunstancias e como complemento de determinadas prestacións sociais.

Indemnizacións por despedimento

Inclúen o total dos pagos efectuados por despedimento e extinción de contrato, así como os salarios deixados de percibir no transcurso da tramitación do despedimento que o empregador debe aboar nesta situación (salarios de tramitación).

Gastos en formación profesional

Son os ocasionados por proporcionar coñecementos e preparación en técnicas profesionais aos traballadores cos que existe vínculo laboral e que son de interese para a empresa.

Gastos de transporte

Son os custos ocasionados á empresa polo transporte gratuíto ou a prezos reducidos dos traballadores desde o seu domicilio ao lugar de traballo.

Gastos de carácter social

Son un conxunto de gastos de moi diversa natureza que teñen como obxectivo a mellora da calidade de vida dos traballadores a través da acción social impulsada polos colectivos laborais.

Outros gastos

Inclúen os pagos compensatorios (quebranto de moeda, pequena ferramenta etc.), indemnizacións por fin de contrato, selección de persoal etc.

Subvencións e deducións

Son o conxunto de reembolsos percibidos polo empregador procedentes de organismos públicos. Son de signo negativo e, polo tanto, minoran o custo laboral bruto.

**POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS SEGUNDO A SÚA RELACIÓN COA ACTIVIDADE ECONÓMICA (MEDIAS ANUAIS).
ANO 2009**

Miles de persoas

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Poboación de 16 e máis anos						
Total	38.431,6	2.386,2	980,9	307,5	288,9	808,9
Homes	18.848,1	1.140,1	465,5	149,3	137,9	387,4
Mulleres	19.583,5	1.246,1	515,4	158,2	151,0	421,5
Activos						
Total	23.037,5	1.317,4	564,7	152,0	136,6	464,0
Homes	12.938,5	712,5	300,5	83,2	74,5	254,4
Mulleres	10.099,0	604,8	264,3	68,8	62,1	209,6
Ocupados						
Total	18.888,0	1.151,4	499,1	137,9	122,6	391,9
Homes	10.646,4	628,7	268,2	76,1	67,6	216,9
Mulleres	8.241,6	522,7	230,9	61,8	55,0	175,0
Parados						
Total	4.149,5	165,9	65,7	14,1	14,0	72,1
Homes	2.292,1	83,8	32,3	7,1	6,8	37,6
Mulleres	1.857,5	82,1	33,4	7,0	7,2	34,6
Inactivos						
Total	15.394,1	1.068,9	416,2	155,6	152,3	344,9
Homes	5.909,7	427,6	165,0	66,2	63,4	133,0
Mulleres	9.484,5	641,3	251,2	89,4	88,9	211,9

Fonte: INE. Encuesta de población activa. Extraído de <http://www.ine.es> [20 de abril, 2010].

Nota: datos oficiais segundo a metodoloxía EPA 2005.

2

TAXAS DE ACTIVIDADE, PARO E OCUPACIÓN POR SEXO. ANO 2009


Porcentaxes

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Taxa de actividade						
Total	59,9	55,2	57,6	49,4	47,3	57,4
Homes	68,6	62,5	64,5	55,7	54,0	65,7
Mulleres	51,6	48,5	51,3	43,5	41,2	49,7
Taxa de paro						
Total	18,0	12,6	11,6	9,3	10,3	15,5
Homes	17,7	11,8	10,7	8,5	9,2	14,8
Mulleres	18,4	13,6	12,6	10,2	11,6	16,5
Taxa de ocupación						
Total	49,1	48,3	50,9	44,8	42,4	48,4
Homes	56,5	55,1	57,6	50,9	49,1	56,0
Mulleres	42,1	41,9	44,8	39,1	36,4	41,5


Fonte: INE. Encuesta de población activa. Extraído de <http://www.ine.es> [21 de abril, 2010].

Nota: datos oficiais segundo a metodoloxía EPA 2005.


Taxa de actividade. Homes




Taxa de actividade. Mulleres




Taxa de ocupación. Homes




Taxa de ocupación. Mulleres



Taxa de paro. Homes



Taxa de paro. Mulleres



Os datos, dende o primeiro trimestre de 2001 en diante, reflicten a nova definición de paro establecida no Regulamento 1897/2000 da CE polo que as taxas de actividade e paro non son directamente comparables coas dos períodos anteriores.

No primeiro trimestre de 2005 implantouse un procedemento centralizado para a realización das entrevistas telefónicas e reformuláronse algunhas das preguntas do cuestionario o que provocou unha ruptura nas series dalgunhas variables da EPA.

TAXAS DE ACTIVIDADE POR GRUPOS DE IDADE E SEXO

Porcentaxes

	2005		2006		2007		2008		2009	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total										
Total	57,4	53,0	58,3	53,6	58,9	54,3	59,8	55,1	59,9	55,2
Homes	68,8	62,6	69,1	62,2	69,3	63,3	69,5	63,7	68,6	62,5
Mulleres	46,4	44,3	48,0	45,8	48,9	46,0	50,5	47,2	51,6	48,5
De 16 a 24 anos										
Total	52,1	46,8	52,7	44,6	52,4	45,0	52,5	45,5	49,5	44,8
Homes	57,2	50,9	57,1	49,9	57,2	53,2	56,6	52,3	53,1	50,0
Mulleres	46,8	42,5	48,1	39,0	47,4	36,6	48,1	38,4	45,7	39,4
De 25 a 54 anos										
Total	80,9	80,0	82,0	81,9	82,8	83,1	83,8	84,0	84,7	84,0
Homes	92,4	89,8	92,5	89,6	92,6	90,6	92,6	91,3	92,3	89,9
Mulleres	69,0	70,4	71,2	74,2	72,7	75,7	74,7	76,7	76,7	78,1
De 55 e máis anos										
Total	19,1	18,6	19,6	18,2	19,9	18,0	20,8	18,7	21,2	19,4
Homes	28,4	25,5	28,9	24,6	28,7	24,9	29,6	25,1	29,0	24,8
Mulleres	11,5	13,3	12,1	13,3	12,7	12,5	13,6	13,6	14,7	15,1

Fonte: INE. Encuesta de población activa. Extraído de <http://www.ine.es> [21 de abril, 2010].

Nota: datos oficiais segundo a metodoloxía EPA 2005.

No primeiro trimestre de 2005 implantouse un procedemento centralizado para a realización das entrevistas telefónicas e reformuláronse algunhas das preguntas do cuestionario, o que provocou unha ruptura nas series dalgunhas variables da EPA.

4

TAXAS DE PARO POR GRUPOS DE IDADE E SEXO

Porcentaxes

	2005		2006		2007		2008		2009	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total										
Total	9,2	9,9	8,5	8,5	8,3	7,6	11,3	8,7	18,0	12,6
Homes	7,0	7,2	6,3	6,1	6,4	5,7	10,1	7,4	17,7	11,8
Mulleres	12,2	13,5	11,6	11,4	10,9	10,0	13,0	10,4	18,4	13,6
De 16 a 24 anos										
Total	19,7	21,0	17,9	18,0	18,2	15,9	24,6	21,2	37,8	30,8
Homes	16,7	16,4	15,0	14,0	15,2	12,9	23,7	19,2	39,1	31,3
Mulleres	23,5	26,7	21,6	23,3	21,9	20,5	25,8	24,0	36,4	30,1
De 25 a 54 anos										
Total	8,0	9,0	7,5	7,7	7,2	7,1	10,2	7,9	16,5	11,6
Homes	5,9	6,3	5,4	5,1	5,4	5,0	8,9	6,5	16,2	10,4
Mulleres	10,9	12,5	10,5	10,9	9,7	9,5	11,8	9,4	10,8	12,9
De 55 e máis anos										
Total	5,9	6,2	5,4	5,9	5,6	5,1	7,0	5,5	11,5	7,3
Homes	5,2	5,0	4,6	5,7	4,6	4,4	6,1	4,3	10,8	7,0
Mulleres	7,2	8,1	7,1	6,1	7,4	6,0	8,6	7,3	12,7	7,6

Fonte: INE. Encuesta de población activa. Extraído de <http://www.ine.es> [21 de abril, 2010].

Nota: datos oficiais segundo a metodoloxía EPA 2005.

No primeiro trimestre de 2005 implantouse un procedemento centralizado para a realización das entrevistas telefónicas e reformuláronse algunhas das preguntas do cuestionario, o que provocou unha ruptura nas series dalgunhas variables da EPA.

POBOACIÓN OCUPADA POR SECTORES ECONÓMICOS E SEXO (MEDIAS ANUAIS)

Miles de persoas

	2005		2006		2007		2008		2009	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total										
Total	18.973,3	1.130,1	19.747,7	1.164,2	20.356,0	1.193,4	20.257,6	1.200,1	18.888,0	1.151,4
Homes	11.388,8	655,9	11.742,6	661,4	11.987,2	678,3	11.720,7	672,7	10.646,4	628,7
Mulleres	7.584,5	474,2	8.005,1	502,9	8.368,8	515,0	8.536,9	527,4	8.241,6	522,7
Agricultura e pesca										
Total	1.000,7	120,9	944,3	110,9	925,5	103,1	818,9	93,8	786,1	91,6
Homes	731,2	67,8	681,3	60,7	675,2	60,1	597,7	56,6	581,4	54,2
Mulleres	269,5	53,2	262,9	50,2	250,3	42,9	221,2	37,2	204,7	37,4
Industria										
Total	3.279,9	217,4	3.292,1	213,9	3.261,8	217,3	3.198,9	215,9	2.775,0	194,1
Homes	2.467,0	152,4	2.501,0	152,1	2.441,5	154,5	2.418,3	153,3	2.094,0	141,2
Mulleres	813,0	65,0	791,1	61,8	820,3	62,8	780,6	62,5	681,0	52,8
Construción										
Total	2.357,2	125,0	2.542,9	138,9	2.697,3	147,3	2.453,4	134,1	1.888,3	115,7
Homes	2.230,1	118,3	2.408,5	129,8	2.544,7	135,9	2.281,2	123,6	1.743,6	106,9
Mulleres	127,1	6,7	134,4	9,2	152,6	11,3	172,2	10,5	144,7	8,8
Servizos										
Total	12.335,3	666,7	12.968,4	700,5	13.471,3	725,7	13.786,4	756,4	13.438,7	750,1
Homes	5.960,5	317,4	6.151,7	318,8	6.325,8	327,7	6.423,5	339,2	6.227,5	326,5
Mulleres	6.374,8	349,3	6.816,7	381,7	7.145,5	397,9	7.362,9	417,2	7.211,2	423,6

Fonte: INE. Encuesta de población activa. Extraído de <http://www.ine.es> [21 de abril, 2010].

Nota: datos oficiais segundo a metodoloxía EPA 2005.

No primeiro trimestre de 2005 implantouse un procedemento centralizado para a realización das entrevistas telefónicas e reformuláronse algunhas das preguntas do cuestionario, o que provocou unha ruptura nas series dalgunhas variables da EPA. Os datos dos anos 2005, 2006 e 2007 están referidos a CNAE-93. Os datos dos anos 2008 e 2009 a CNAE-09.

POBOACIÓN OCUPADA POR SECTORES ECONÓMICOS (MEDIAS ANUAIS). ANO 2009

Miles de persoas

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Todos os sectores	18.888,0	1.151,4	499,1	137,9	122,6	391,9
Agricultura e pesca	786,1	91,6	31,0	24,6	10,2	25,9
Industria	2.775,0	194,1	73,9	17,9	23,0	79,2
Construción	1.888,3	115,7	53,2	13,1	10,8	38,6
Servizos	13.438,7	750,1	341,0	82,3	78,6	248,3

Fonte: INE. Encuesta de población activa. Extraído de <http://www.ine.es> [21 de abril, 2010].

Nota: datos oficiais segundo a metodoloxía EPA 2005. Datos coa CNAE-09.

7

POBOACIÓN OCUPADA POR SITUACIÓN PROFESIONAL E SEXO (MEDIAS ANUAIS)

Miles de persoas

	2005		2006		2007		2008		2009	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total										
Total	18.973,2	1.130,1	19.747,7	1.164,2	20.356,0	1.193,4	20.257,6	1.200,1	18.888,0	1.151,4
Homes	11.388,8	655,9	11.742,6	661,4	11.987,2	678,3	11.720,7	672,7	10.646,4	628,7
Mulleres	7.584,4	474,2	8.005,1	502,9	8.368,8	515,0	8.536,9	527,4	8.241,6	522,7
Empresarios ou membros de cooperativas										
Total	3.138,6	252,4	3.257,7	249,3	3.364,8	249,0	3.356,0	257,2	3.024,2	238,9
Homes	2.220,5	154,7	2.309,5	145,7	2.371,1	147,3	2.344,9	153,5	2.069,4	140,4
Mulleres	918,2	97,7	948,0	103,7	993,7	101,7	1.011,2	103,7	954,8	98,6
Axudas familiares										
Total	306,8	35,2	264,5	23,4	221,9	21,5	208,1	19,2	172,5	13,4
Homes	127,6	14,0	108,6	9,3	88,1	9,4	88,0	9,8	75,4	7,1
Mulleres	179,2	21,2	155,9	14,0	133,7	12,1	120,1	9,4	97,1	6,3
Asalariados										
Total	15.502,0	840,9	16.208,1	890,7	16.760,0	922,0	16.681,2	922,9	15.680,7	898,8
Homes	9.025,5	486,6	9.313,9	505,8	9.521,8	521,1	9.279,4	509,2	8.493,7	481,0
Mulleres	6.476,5	354,2	6.894,3	384,9	7.238,3	401,0	7.401,8	413,7	7.187,0	417,7
Outros										
Total	25,8	1,5	17,4	0,8	9,3	0,9	12,3	0,8	10,6	0,4
Homes	15,2	0,5	10,6	0,5	6,2	0,6	8,4	0,2	8,0	0,2
Mulleres	10,6	1,1	6,8	0,2	3,1	0,3	3,9	0,6	2,7	0,1

Fonte: INE. Encuesta de población activa. Extraído de <http://www.ine.es> [22 de abril, 2010].

Nota: datos oficiais segundo a metodoloxía EPA 2005.

No primeiro trimestre de 2005 implantouse un procedemento centralizado para a realización das entrevistas telefónicas e reformuláronse algunhas das preguntas do cuestionario, o que provocou unha ruptura nas series dalgunhas variables da EPA. Hai unha ruptura da variable situación profesional en 2009 por modificación do cuestionario sobre esta variable.

8

POBOACIÓN INACTIVA POR SITUACIÓN DE INACTIVIDADE (MEDIAS ANUAIS). ANO 2009

Miles de persoas

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	15.394,1	1.068,9	416,2	155,6	152,3	344,9
Estudante	2.303,1	143,4	61,7	18,2	14,6	48,8
Xubilado ou pensionista	7.036,4	566,6	209,6	96,6	93,7	166,8
Labores do fogar	4.524,5	229,6	93,6	23,8	27,4	84,9
Incapacidade permanente	1.155,2	110,7	44,7	14,1	15,2	36,6
Outra	375,0	18,6	6,6	2,9	1,3	7,8

Fonte: INE. Encuesta de población activa. Extraído de <http://www.ine.es> [22 de abril, 2010].

Nota: datos oficiais segundo a metodoloxía EPA 2005.

NÚMERO MEDIO DE ACTIVOS, OCUPADOS E INACTIVOS POR VIVENDA. ANO 2009

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Número medio de activos	1,3	1,3	1,2	1,1	1,4
Número medio de ocupados	1,1	1,2	1,0	0,9	1,2
Número medio de inactivos	1,1	1,0	1,2	1,2	1,1

Fonte: INE. Encuesta de población activa.

CARACTERÍSTICAS DO PARO REXISTRADO. XESTIÓN SISPE (MEDIAS ANUAIS). ANO 2009

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total de paro rexistrado	206.245	82.938	19.180	23.416	80.712
Por sexo					
Homes	92.395	37.056	9.127	10.241	35.970
Mulleres	113.851	45.881	10.053	13.175	44.742
Por idade					
Ata 24 anos	21.512	8.063	2.178	2.239	9.031
25-39 anos	82.905	33.745	7.472	8.015	33.673
40-54 anos	65.395	26.483	6.046	7.552	25.315
55 e máis anos	36.434	14.647	3.483	5.609	12.693
Por sectores					
Agricultura e pesca	5.579	1.868	625	764	2.322
Industria	33.149	12.463	2.017	3.888	14.781
Construción	31.826	13.490	3.188	3.438	11.710
Servizos	115.710	47.148	11.338	12.975	44.248
Sen emprego anterior	19.983	7.969	2.012	2.352	7.651
Por profesións					
Dirección de empresas e das administracións públicas	1.449	667	77	125	582
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	13.488	6.233	1.284	1.312	4.660
Técnicos e profesionais de apoio	17.794	7.773	1.659	1.520	6.841
Empregados de tipo administrativo	20.980	8.644	1.800	2.363	8.173
Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	45.442	17.661	4.706	5.587	17.488
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	5.890	2.182	632	805	2.271
Artesáns de traball. cualif. das ind. manufact., construc. e minería; agás oper. instalacións e maquinaria	36.610	14.677	3.227	3.460	15.248
Operadores de máquinas e instalacións, montadores	17.837	6.982	1.571	2.365	6.920
Traballadores non cualificados	46.679	18.090	4.217	5.869	18.503
Forzas armadas	79	32	8	12	28

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal. Estadística de empleo.

11

DEMANDAS E OFERTAS DE EMPREGO ACTIVAS, E COLOCACIÓNS REXISTRADAS. ANO 2009

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Demandas de emprego pendentes					
Total	266.861	104.508	25.980	31.106	105.268
De parados (paro rexistrado)	206.245	82.938	19.180	23.416	80.712
Postos ofrecidos					
Altas de ofertas	34.659	13.737	5.746	5.465	9.711
Baixas de ofertas por colocación	17.619	5.677	3.107	3.870	4.965
Colocacións					
Total	743.548	287.879	70.558	58.885	326.226
De demandas activas	264.047	104.663	27.618	24.914	106.852
Outras colocacións	479.501	183.216	42.940	33.971	219.374

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal. Estadística de emprego. Extraído de: <http://www.inem.es> [22 de abril, 2010].

12

CONTRATOS DE TRABALLO INICIAIS, SEGUNDO O TIPO DE CONTRATO, E CONTRATOS CONVERTIDOS EN INDEFINIDOS. ANO 2009

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Indefinido ordinario	602.804	25.843	10.334	3.969	2.219	9.321
Indefinido fomento da contratación indefinida	181.217	11.048	4.237	1.484	1.344	3.983
Minusválidos	7.966	577	287	65	45	180
Obra ou servizo	5.469.156	243.293	107.549	20.679	22.769	92.296
Eventual por circunstancias da produción	5.465.298	257.125	107.342	22.629	18.470	108.684
Interinidade	1.502.009	80.822	35.644	8.416	6.823	29.939
Temporal minusválidos	13.135	846	387	86	68	305
Relevo	34.162	1.654	697	173	120	664
Xubilación parcial	36.518	1.890	801	207	119	763
Substitución xubilación 64 anos	2.120	90	52	2	9	27
Prácticas	43.289	3.427	1.689	307	294	1.137
Formación	61.527	6.650	2.390	950	1.299	2.011
Outros	82.209	20.292	6.350	4.061	1.094	8.787
Total contratos iniciais	13.501.410	653.557	277.759	63.028	54.673	258.097
Contratos convertidos a indefinidos	520.427	29.574	12.592	3.594	2.694	10.694

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal. Estadística de contratos rexistrados. Extraído de <http://www.sepe.es> [23 de abril, 2010].

13

REGULACIÓN DE EMPREGO. TRABALLADORES AFECTADOS POR EXPEDIENTES AUTORIZADOS SEGUNDO EFECTO DO EXPEDIENTE. AÑO 2009

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Traballadores afectados						
Redución	20.591	1.166	658	29	42	437
Suspensión	465.215	20.962	4.610	1.231	1.318	13.803
Extinción	63.476	2.308	712	53	81	1.462
Total	549.282	24.436	5.980	1.313	1.441	15.702

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración. Estadística de regulación de empleo. Extraído de <http://www.mtin.es>.

14

CONCILIACIÓN INDIVIDUALS E COLECTIVAS TERMINADAS. AÑO 2009

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Conciliacións colectivas					
Empresas afectadas	118	50	19	10	37
Traballadores afectados	15.556	5.160	773	910	8.293
Total de conciliacións colectivas	115	45	24	7	37
Conciliacións individuais segundo motivo					
Conciliacións en despedimento	10.555	4.205	842	883	4.625
Con avinza	2.626	1.116	250	140	1.120
Sen avinza e outras resolucións	7.929	3.089	592	743	3.505
Conciliacións por sanción	740	321	43	62	314
Con avinza	40	21	1	4	14
Sen avinza e outras resolucións	700	300	42	58	300
Conciliacións por reclamación de cantidade	15.396	6.218	1.679	1.517	5.982
Con avinza	1.079	481	102	67	429
Sen avinza e outras resolucións	14.317	5.737	1.577	1.450	5.553
Conciliacións por outros motivos	4.730	2.285	556	660	1.229
Con avinza	332	98	21	57	156
Sen avinza e outras resolucións	4.398	2.187	535	603	1.073
Total de conciliacións individuais	31.421	13.029	3.120	3.122	12.150

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Anuario de Estatísticas Sociolaborais.

Nota: en conciliacións colectivas, a suma por provincias non coincide co total de Galicia porque hai conciliacións que afectan a máis dunha provincia e son tramitadas pola Dirección Xeral de Relacións Laborais.

15

CONVENIOS: EMPRESAS, TRABALLADORES AFECTADOS E AUMENTO SALARIAL PACTADO. AÑO 2009

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Autonómicos	Interautonómicos	España
Convenios de empresa								
Núm. de convenios	238	68	29	19	111	11	326	3.812
Traballadores afectados	35.642	5.675	2.180	2.032	23.414	2.341	445.196	979.841
% de aumento salarial pactado	2,5	2,8	2,3	2,5	2,6	1,9	2,2	2,3
Convenios doutro ámbito								
Núm. de convenios	83	17	16	18	23	9	129	1.190
Traballadores afectados	303.964	86.270	24.941	30.386	149.170	13.197	2.841.858	9.180.329
% de aumento salarial pactado	3,4	3,1	3,3	2,8	3,8	2,5	2,1	2,4
Total de convenios								
Núm. de convenios	321	85	45	37	134	20	455	5.002
Empresas afectadas	44.994	6.820	7.685	5.772	21.279	3.438	392.743	1.381.388
Traballadores afectados	339.606	91.945	27.121	32.418	172.584	15.538	3.287.054	10.160.170
% de aumento salarial pactado	3,3	3,0	3,2	2,8	3,6	2,4	2,1	2,4

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración. Estadística de convenios colectivos de trabajo, 2009 Avance. Extraído de <http://www.mtin.es> [16 de setembro, 2010].

Nota: datos provisionais.

16

FOLGAS DESENVOLVIDAS SEGUNDO AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS. AÑO 2009

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total folgas					
Folgas realizadas	121	42	12	9	58
Días de folga	498	133	75	36	254
Traballadores participantes	239.491	19.853	742	874	218.022
Xornadas non traballadas	654.069	21.246	648	5.957	626.218
Folgas de empresa					
Folgas realizadas	103	38	12	9	44
Días de folga	460	128	75	36	221
Traballadores participantes	33.587	3.721	742	874	28.250
Xornadas non traballadas	89.474	5.923	648	5.957	76.946
Folgas de sector					
Folgas realizadas	18	4	0	0	14
Días de folga	38	5	0	0	33
Traballadores participantes	205.904	16.132	0	0	189.772
Xornadas non traballadas	564.595	15.323	0	0	549.272

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Anuario de Estadísticas Sociolaborais.

ACCIDENTES DE TRABAJO CON BAIXA SEGUNDO A GRAVIDADE E O SECTOR ECONÓMICO. ANO 2009

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	43.611	18.923	4.133	3.854	16.701
In itínere	4.094	1.600	279	249	1.966
Total (en xornada de traballo)					
Total	39.517	17.323	3.854	3.605	14.735
Agricultura	1.521	512	450	220	339
Pesca	1.254	630	158	1	465
Industria	12.276	4.715	794	1.106	5.661
Construción	8.589	4.012	815	836	2.926
Servizos	15.877	7.454	1.637	1.442	5.344
Leves					
Total	38.894	17.067	3.781	3.549	14.497
Agricultura	1.450	485	430	216	319
Pesca	1.204	606	157	1	440
Industria	12.138	4.670	776	1.092	5.600
Construción	8.411	3.933	805	817	2.856
Servizos	15.691	7.373	1.613	1.423	5.282
Graves					
Total	549	226	58	49	216
Agricultura	65	25	18	2	20
Pesca	42	18	1	0	23
Industria	124	41	14	13	56
Construción	154	70	7	18	59
Servizos	164	72	18	16	58
Mortais					
Total	74	30	15	7	22
Agricultura	6	2	2	2	0
Pesca	8	6	0	0	2
Industria	14	4	4	1	5
Construción	24	9	3	1	11
Servizos	22	9	6	3	4

Fonte: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. Sinistralidade laboral Galicia.

ENFERMIDADES PROFESIONAIS CON BAIXA SEGUNDO SECTOR ECONÓMICO. ANO 2009

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	861	270	58	107	425
Agricultura	8	1	1	1	5
Pesca	11	2	0	0	8
Industria	401	63	13	75	250
Construción	106	55	9	3	39
Servizos	335	149	35	28	123

Fonte: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. Sinistralidade laboral Galicia.

19

ÍNDICES DE INCIDENCIA DE ACCIDENTES LABORAIS

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total accidentes (1)						
1995	60,6	49,5	48,8	41,2	44,7	55,6
1996	61,9	50,5	49,8	39,5	45,3	57,6
1997	64,9	52,6	50,5	41,3	48,9	61,4
1998	68,3	55,5	52,5	42,3	50,4	67,4
1999	74,4	60,3	60,0	45,9	52,7	77,6
2000	75,6	61,9	59,7	47,6	52,5	72,6
2001	73,5	63,9	61,9	48,7	55,0	74,5
2002	70,6	64,0	62,9	47,1	54,1	74,3
2003	63,9	60,6	59,0	44,9	50,9	70,9
2004	61,4	60,2	58,6	41,8	49,7	71,4
2005	60,1	59,3	58,1	44,5	49,8	68,5
2006	58,8	57,7	56,8	42,1	48,9	66,6
2007	57,6	59,2	59,0	45,2	51,8	66,2
2008	50,7	58,0	58,1	45,0	52,2	63,8
2009	41,3	47,7	49,2	38,5	43,8	49,5
Accidentes mortais (2)						
1995	10,1	17,5	18,2	17,0	22,2	15,3
1996	9,8	14,8	17,6	16,6	9,8	12,7
1997	10,1	16,5	16,2	14,7	20,5	16,4
1998	9,8	18,0	19,1	15,0	11,1	20,4
1999	9,4	17,3	18,7	16,1	12,5	20,0
2000	9,2	17,6	18,2	14,8	13,6	19,2
2001	8,0	13,6	15,2	12,6	12,0	12,8
2002	8,3	13,7	13,5	14,6	15,8	13,1
2003	7,4	12,3	12,1	16,3	9,1	12,1
2004	6,8	11,1	9,5	15,1	5,1	13,1
2005	6,3	12,6	10,4	18,7	8,7	14,1
2006	6,1	9,3	8,9	10,5	10,8	8,9
2007	5,1	8,6	7,1	18,5	8,1	7,0
2008	5,1	8,3	9,6	9,6	9,3	6,0
2009	4,2	8,9	8,5	15,0	8,5	7,4

Fonte: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. Sinistralidade laboral Galicia.
Ministerio de Trabajo e Inmigración para os datos de España.

Nota: (1) Índice de incidencia = Accidentes x 1.000 / Núm. medio de persoas expostas.

(2) Índice de incidencia = Accidentes mortais x 100.000 / Núm. de persoas expostas.

Persoas expostas: poboación afiliada á Seguridade Social con continxencia de accidente de traballo cuberta.

TRABALLADORES AFILIADOS Á SEGURIDADE SOCIAL. ANO 2009*Medias anuais en miles de persoas*

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Réxime xeral	13.538,7	751,1	323,9	82,9	77,2	267,2
Réximes especiais						
R.E. agrario por conta allea	802,2	4,5	1,4	1,4	0,4	1,3
R.E. do mar	66,6	24,6	6,6	1,9	0,0	16,1
R.E. traballadores autónomos	3.213,8	228,8	91,0	39,9	27,6	70,3
R.E. minería do carbón	7,4	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
R.E. empregados do fogar	288,0	20,6	8,5	2,9	3,0	6,3
Total traballadores afiliados	17.916,8	1.029,6	431,4	129,0	108,2	361,1

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración. Anuario de estadísticas laborales y de asuntos sociales. Extraído de <http://www.mtin.es> [17 de setembro, 2010].

Nota: a partir do 1 de xaneiro de 2008, os traballadores por conta propia do Réxime Especial Agrario pasan a integrarse no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos.

EMPREGO, DESEMPREGO E PENSÍONS NAS FONTES TRIBUTARIAS. ANO 2008

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Emprego						
Asalariados	19.310.627	1.134.854	472.289	129.547	118.667	414.351
Salario medio anual (euros)	18.996	17.736	18.823	16.642	16.535	17.184
Desemprego						
Desempregados	4.486.292	240.962	96.969	23.841	26.571	93.581
Prestación media anual (euros)	3.285	3.051	3.096	2.925	3.106	3.021
Pensións						
Pensionistas	8.837.596	748.694	292.858	118.459	107.202	230.175
Pensión media anual (euros)	11.069	9.799	10.308	9.248	8.987	9.812

Fonte: Agencia Tributaria. Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias. Extraído de <http://www.aeat.es> [20 de setembro de 2010].

Nota: nos grupos de poboación segundo a natureza das súas retribucións (Emprego, Desemprego e Pensións) existen persoas que pertencen a máis de un grupo.

22

CUSTO LABORAL MEDIO POR TRABALLADOR SEGUNDO O SECTOR DE ACTIVIDADE E AS COMPONENTES DO CUSTO. ANO 2009

Euros

	España				Galicia			
	Total	Industria	Construcción	Servizos	Total	Industria	Construcción	Servizos
Custo total bruto	30.670,1	34.260,0	30.752,5	29.863,2	26.709,9	29.088,5	26.868,9	25.994,1
Soldos e salarios	22.329,3	24.412,7	21.504,0	21.989,9	19.402,8	20.773,4	18.713,8	19.140,2
Cotizacións obrigatorias	6.785,3	7.720,2	7.405,4	6.487,5	6.139,6	6.887,9	6.786,2	5.801,9
Cotizacións voluntarias	221,3	316,9	153,3	210,5	179,1	293,9	136,1	154,6
Prestacións sociais directas	325,4	433,9	117,3	331,7	288,7	323,5	119,7	310,6
Indemnizacións por despedimento	482,5	860,8	625,6	377,6	213,8	243,6	274,2	194,2
Gastos en formación profesional	96,0	125,0	53,8	95,7	67,0	130,6	58,0	50,8
Gastos en transporte	16,8	48,3	24,5	9,0	17,3	44,8	47,7	4,0
Gastos de carácter social	40,4	62,2	13,5	39,6	28,1	53,2	11,4	24,1
Outros gastos	373,2	280,1	855,1	321,7	373,6	337,6	722,0	313,7
Subvencións e deducións	267,7	362,3	238,3	250,9	275,7	376,0	248,3	251,9
Coste total neto	30.402,3	33.897,7	30.514,1	29.612,3	26.434,3	28.712,5	26.620,7	25.742,2

Fonte: INE. Encuesta anual de coste laboral. Extraído de <http://www.ine.es> [17 de setembro, 2010].

Nota: datos baixo a nova clasificación CNAE-2009.